


galicia

XUNTA DE GALICIA

GL



OS IMPRESCINDIBLES | 7 - 20
DEZ HISTORIAS PARA VIVIR GALICIA | 21 - 68
MÁIS GALICIA | 69 - 85

galicia

Dicían que nas nosas costas remataba o mundo, mais antes de que te perdas no **océano Atlántico**, que se pensaba infinito, convidámoste a descubrires un universo que che espertará os cinco sentidos.

Ao longo da Historia foron moitos os pobos que trataron de conquistarnos, pero, rendidos ante os **misterios** que atesouramos, acordaron quedar durante séculos.

As pedras son testemuña, desde os **petróglifos** e os **dolmens** ás murallas que edificaron os romanos, pasando polas ducias de **castros** que hai. Paseníño fóronse levantando formidables **mosteiros** e **catedrais** que culminaron na obra mestra construída en **Santiago de Compostela**.

Velaquí a casa que lles ofrecemos aos **peregrinos** que chegan desde todas as partes do mundo para se deixar purificar polo botafumeiro tras esgotadoras xornadas de **camión de Santiago**. Xornadas entre paisaxes nas que se pode apreciar unha infinita gama de verdes en fragas arrodeadas por neboeiras e herbais habitados por vacas e agricultores, que, xunto aos pescadores e mariscadores, representan mellor ca ningún o esforzo e o traballo duro.

Grazas a eles, podemos deleitar os visitantes cos máis **exquisitos manxares**. A bravura do mar fai crecer os mellores **percebes** e no sosego das rías críanse sabedeiras **ameixas, vieiras e mexillóns**. Nas terras do interior gábanse de preparar o **polbo** máis rico, pero tamén





teñen os mellores **queixos, grelos,** patacas e pan.

Somos especialistas en enfornar **empanadas** de millo, de berberechos, de zamburiñas e de todo o que corra, voe ou nade; en **cocidos**; en tortillas; en mariscadas; en acompañar as xoubas con **pementos de Padrón (D.O.P. Pementos de Herbón)**; en asar castañas; en reencher centolas e en lles aplicar innovadoras técnicas a uns produtos naturais que se transforman en ouro nas mans dos novos chefs

O **sabor** e singularidade dos viños que amparan as denominacións de orixe do Ribeiro, Ribeira Sacra, Rías Baixas, Valdeorras ou Monterrei amenizan xuntanzas, e nas sobremesas non poden faltar o **licor café**, a augardente de herbas ou unha máxica **queimada** acompaña-

da de conxuros. Saltamos as ondas buscando a fertilidade, inzamos as praias de cacharelas na **noite de San Xoán**, temos pedras con poderes curativos, herbas nos cantís que fan nacer o amor e fontes nas que abrollan augas milagreiras.

Se nos visitas, descubrirás **recunchos privilexiados** onde os ríos cobreguean encaixados entre viñedos, areaais brancos e finos bañados por un **océano indómito**, ilas medievais e pesqueiras con olores a mar que che quedarán gravados na memoria, **monumentos Patrimonio da Humanidade** e illas onde habitan especies únicas.

Vivir Galicia ha proporcionarche unha experiencia diferente. Vaste afastar da rutina, percorrer a natureza máis pura, perderte no misterio e atopar a paz.



OS
IMPRESINDIBLES



Praia das Catedrais



Os Imprescindibles

Visitar Galicia é unha experiencia global e única que che permitirá coñecer por igual tanto o patrimonio natural coma o cultural. O Camiño que leva a Santiago de Compostela, cun centro histórico que é Patrimonio da Humanidade, vértase mediante rutas de peregrinación. Podes chegar ata o Cabo Fisterra, onde na Antigüidade crían que finalizaba o mundo.

Nun territorio delimitado por 1.650 quilómetros de costa e situado no noroeste da Península Ibérica, os faros reclaman o seu protagonismo,

sendo a Torre de Hércules o único que permanece en activo desde época romana. O mesmo ocorre cos seus areais, moitos salvaxes, convertidos en auténtica arte natural en lugares coma a praia das Catedrais.

Máis ao sur atópase o Parque Nacional das Illas Atlánticas, reserva única de fauna e flora. Fronte a el, ábrense as Rías Baixas que, igual que as Altas, son ricas en peixe e marisco.

Viaxando polo interior poderás navegar o río Sil, encaixado entre os centenarios viñedos e mosteiros da

Ribeira Sacra, ou enxergar Lugo desde a súa muralla romana.

Vestixios de tempos remotos son os petróglifos, dolmens e castros que se poden descubrir por todo o territorio, así coma os cruceiros, hórreos e pazos, representativos da arquitectura popular.

Recoñecida pola súa excelente gastronomía, Galicia destaca por utilizar produtos naturais e de calidade. Non perdas a ocasión de probar a gran variedade de manxares presentes nas súas numerosas tascas ou restaurantes.



Praza de Praterías de Santiago



Praza de Praterías, Santiago de Compostela



CAMIÑO DE SANTIAGO



A ruta de peregrinación máis antiga de Europa tamén se converteu no **Primeiro Itinerario Europeo de Interese Cultural**, xa que desde a Idade Media vén propiciando o intercambio entre a Península Ibérica e mais o continente.

Percorrerela será unha experiencia única polas paisaxes que atravesarás —que van mudando desde as zonas montañosas ata a costa, pasando polas localidades de interior—, a gastronomía que saborearás e os valores espirituais que compartirás. A San-

tiago de Compostela pódese chegar por dez vías; delas destaca o **Camiño Francés** como o máis concorrido. Se aínda che quedan azos, podes continuar ata o **Cabo Fisterra**, a fin do mundo coñecido para os antigos.

CATEDRAL E CENTRO HISTÓRICO DE SANTIAGO



Con case mil anos, a **catedral** acolle o sepulcro do apóstolo Santiago e é tamén meta dos centos de miles de peregrinos que, desde hai séculos, percorren moitos quilómetros desde toda Europa para gañar o Xubileu, recoñecido coa «**Composte-**

la», certificado emitido pola Igrexa que acredita que se completaron os últimos 100 km da ruta.

Tras abrazar o busto do Apóstolo situado no Altar Maior, ver a súa cripta e deixarte enfeitizar polo espectáculo do **Botafumeiro**, podes subir ás cubertas catedralicias.

Construídas en grandes placas de cantería, desde elas divisase gran parte do centro histórico, configurado por rúas e prazas nas que visitantes de todas as nacionalidades saborean os viños e tapas tradicionais.



MURALLA ROMANA DE LUGO

Patrimonio da Humanidade, é a única muralla romana que se conserva completa en todo o mundo. Mide máis de dous quilómetros e accédese ao seu interior a través de dez portas.

A lenda afirma que se construíu para protexer un bosque sacro e agora pódese percorrer o seu adarve e enxergar desde ela boa parte da cidade, incluída a catedral e as rúas empedradas da zona vella. Durante a festa do **Arde Lucus** homenaxéase o pasado romano lucense, que tamén deixou como testemuño as termas públicas

da época. Coincidindo coa celebración do **San Froilán**, non deixes de degustar unha ración de polbo á feira nun dos postos que atoparás co gallo da festa do patrón. Cun paseo pola ribeira do **río Miño**, o máis importante de Galicia, verás como baixas a comida.

TORRE DE HÉRCULES

O **faro máis antigo** en funcionamento foi construído para facilitar a navegación entre o Mediterráneo e o noroeste de Europa, punto estratéxico das rutas comerciais desde a Antigüidade. Rodeado de lendas, a

máis coñecida conta que **Hércules** venceu o xigante **Xerión** para liberar as terras que este tiña sometidas. Tras lle cortar a cabeza, enterrouna á beira do mar e sobre o lugar ergueu o faro. Na veciñanza naceu a poboación de **Crunia**, que había de levar o nome da primeira muller que a habitou.

Podes subir ata a cima da Torre e contemplar A Coruña e o océano Atlántico; alí, a brisa endexamais deixa de soprar con intensidade en toda a costa. Arredor da construción esténdese unha gran zona verde convertida en parque escultórico polo que pasear.



CABO FISTERRA

Os **romanos** consideraban este lugar como o *finis terrae*, a **fin do mundo**, punto máis occidental da Terra. Décimo Xunio Bruto, xeneral que dirixiu a conquista nesta esquina da **Península Ibérica**, tras contemplar os ocasos, concluíu que era neste mar onde morría o sol.

Situado en plena **Costa da Morte**, está rodeado de praias salvaxes; contra el bate implacable o océano **Atlántico** e desde os seus cantís albiscaese unha inmensidade marítima que acompaña a moitos peregrinos cando culminan o seu camiño.

Moi cerquiña do cabo está a igrexa románica de Santa María das Areas, que garda no seu interior a imaxe do **Cristo da Barba Dourada**, de quen as lendas contan que lle crece o pelo e mais as unllas.

PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS

Xoia do patrimonio natural de Europa pola diversidade e singularidade da súa fauna e flora, este parque está formado polos arquipélagos de Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada, que ofrecen unhas paisaxes inigualables. Como o **acceso** está **limitado**, o máis recomendable é que realices a visi-

ta nos barcos que parten de portos coma o de Vigo, Cangas, Baiona ou Sanxenxo.

Independentemente da illa que escollas para visitar, recomendámosche que fagas as **rutas de sendeirismo** que hai habilitadas, que te acerques aos seus faros e que te relaxes nuns **areais completamente naturais**, desde os que se divisa unha gran variedade de aves e fauna mariña.

Estas illas forman parte das **Rías Baixas**; de camiño terás oportunidade de ver o traballo dos barcos pesqueiros que saen ó mar decotío para capturar o mellor peixe e marisco.



Miradoiro. Canón do Sil



San Miguel de Eiré. Pantón



RIBEIRA SACRA E CANÓN DO SIL

Os ríos Sil e Miño foron modelando durante séculos unha paisaxe que fai da Ribeira Sacra un recanto singular de escarpadas ladeiras inzadas de viñedos e mosteiros. É aquí onde se rexistra a maior concentración de arquitectura relixiosa románica de Europa con exemplos únicos coma Santa Cristina de Ribas de Sil, San Miguel de Eiré ou Santo Estevo de Ribas de Miño.

Non podes perder as espectaculares vistas que se contemplan durante o percorrido en catamarán polos canóns do Sil, desde algún dos seus

privilexiados miradoiros ou desde as pasarelas que discorren paralelas ao río Mao. A compañía perfecta para completar a túa experiencia hala atopar nos viños que se cultivan nestas terras de Lugo e Ourense con denominación de orixe propia.

PRAIA DAS CATEDRAIS

A bravura coa que o mar Cantábrico bate na Mariña lucense esculpiu durante séculos este monumento natural que se pode apreciar en todo o seu esplendor coa marea baixa e que che permitirá pasear entre arcos pétreos de máis de 30 metros de altura, galerías e furnas.

Esta característica é a que fixo que este areal —que ten por nome verdadeiro o de Augas Santas— fose rebautizado. Non te esquezas de solicitar o permiso e consultar os horarios de visita, xa que o acceso está restrinxido para conservar a extraordinaria beleza deste lugar.

As lendas sobre sereas e mariñeiros serán a túa compañía namentres percorres vilas próximas coma Ribadeo, con interesantes exemplos de casas de indianos, ou Viveiro, coa súa zona vella e salientables igrexas medievais. Para recuperares folgos, lembra que en portos coma o de Rinlo preparan un arroz con marisco ben saboroso.





5



6



7

GASTRONOMÍA

Empanadas (1), grelos, queixos (5), peixes, vitela, polbo á feira (4), caldo, lamprea ou pan (6), acompañados dos mellores viños, son algúns dos produtos que se poden degustar en calquera localidade ou cidade galega.

Son moitos os **manxares autóctonos** recoñecidos pola súa calidade con certificacións que aboan a súa procedencia. Entre eles destacan a terneira (***Terneira Gallega***), que sobresaie polo celmosa e tenra que é, ou o **Pemento de Padrón** (D.O.P. Pementos de Herbón) (7), coñecido pola popular frase de «uns pican e outros non».

Famosa polos seus **queixos**, Galicia conta con catro denominacións de orixe: Queixo Tetilla, Arzúa-Ulloa, Cebreiro e San Simón da Costa. Recomendámosche que fagas unha degustación con todos porque che resultará difícil escollerles só un. Seguindo coas catas, cinco son as denominacións de orixe dos **viños galegos**: Rías Baixas, O Ribeiro, Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei, con variedades brancas e tintas.

A excelencia das nosas materias primas fai que os **mellores chefs** recorran a elas e que nos principais restaurantes de España sexan cobizados os peixes, carnes e mariscos(2,3)

galegos para incluílos nas súas cartas. O sabor e a cor dos mexillóns autóctonos son insuperables, así coma o das **cigalas** ou **vieiras**, as preferidas entre os máis prestixiosos restauradores a nivel internacional. O mesmo ocorre coa exquisita **pescada** que pescan os barcos que saen ao mar desde o porto do Celeiro, ou cos **percebes** extraídos das perigosas rochas do Roncudo.

A **riqueza gastronómica** de Galicia celébrase con festas multitudinarias en cada recuncho. Nelas, a degustación de produtos a prezos populares e o acompañamento musical están asegurados.



AS RÍAS

O perfil de Galicia é facilmente recoñecible polas súas rías, linguas de mar que penetran na terra creando un equilibrio perfecto, con augas únicas que serven de lugar de cultivo para os mellores mariscos e peixes.

Con 1.650 quilómetros de costa, as dezaseis rías albergan máis de 700 praias de area fina que convidan ao descanso, ao baño, á práctica do deporte ou á navegación.

Divididas entre Rías Altas e Rías Baixas polo Cabo Fisterra, correspondéndose co norte e o sur da

comunidade galega, as primeiras destacan polas súas espectaculares paisaxes de esgrevios cantís, namentres que o suave clima das do sur as converte nun destino moi demandado durante as vacacións estivais.

A ría de Ribadeo é a máis oriental e a que comunica Galicia con Asturias. A riqueza das súas zonas húmidas favorece a existencia dunha variada fauna. Ademais, a Mariña luguesa tamén conta coas rías de Foz e Viveiro.

É a provincia da Coruña a que máis rías posúe, concretamente once, algunhas delas vixiadas por cabos impresionantes coma o de Estaca de

Bares ou o de Ortegall nos extremos das rías do Barqueiro e Ortigueira.

Abeiradas polo Golfo Ártabro sitúanse as de Ferrol, Ares, Betanzos e A Coruña, cheíñas de praias de area fina e augas tranquilas, ideais para pasalo ben en familia e para practicar deportes acuáticos coma a vela.


Na Costa da Morte localízanse as rías de Corme e Laxe, Camariñas e Corcubión; as súas grandiosas paisaxes marítimas semellan esculpidas pola forza do océano Atlántico, que golpea incesante nos seus acantilados durante os temporaís invernaís.



Cabo Ortegal



Ría de Vigo



Castelo de San Felipe. Ferrol

As **Rías Baixas** destacan polo seu clima suave e por seren un cobizado destino turístico estival para quen quere gozar de calidade de vida. Os areas da **ría de Muros e Noia** non deixarán de sorprenderte.

E na de **Arousa** vas atopar numerosos bancos marisqueiros onde, fundamentalmente, verás mulleires traballando, mentres que a ría de **Vigo** se caracteriza polos centos de bateas que aboian sobre as súas augas. Ademais, poderás acceder ao **Parque Nacional das Illas Atlánticas** e escoitar lendas sobre galeóns afundidos cargados de ouro que descansan no seu fondo.



Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro



Cruceiro en Combarro, Poio



Dolmen de Axeitos, Ribeira

PETRÓGLIFOS, DÓLMENS E CASTROS

Da **época prerromana** chegaron-nos ata hoxe **vestixios pétreos** que falan de tempos remotos; gravados en pedra que gardan o **misterio** do seu significado; impresionantes construcións megalíticas e poboados amurallados situados nas alturas ou na beira do mar, mais sempre en lugares estratéxicos para a súa defensa.

Se visitas o **Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro**, poderás realizar un circuíto entre **80 petróglifos**, a maior concentra-

ción de toda Europa. Hai magníficos exemplos desta arte esculpida en pedra por toda Galicia, aínda que o significado das figuras alí representadas (espirais, círculos, labirintos, símbolos xeométricos...) aínda permanece oculto.

Sabías que as **lendas** contan que baixo os **dolmens** construídos con grandes laxas de pedra se gardan tesouros?

Aínda que isto non se puido constatar, crese que estas construcións do Neolítico están relacionadas con enterramentos e ritos funerarios. O **Dolmen de Dombate**, un dos máis

espectaculares, integrado nun espazo musealizado, chama a atención polo seu gran tamaño.

Cando Roma colonizou a Península Ibérica encontrouse con que no territorio que hoxe ocupa Galicia a poboación vivía en **castros**. Sempre fortificados, adoitaban localizarse en zonas altas para facilitar a súa protección e vixilancia, aínda que tamén se cre que se situaban en lugares elevados para favorecer o contacto co alén. Destacan pola súa boa conservación os de **Santa Trega, San Cibrao de Las, Viladonga** ou **Baroña**.



Hórreo en Comabarro, Poio



Castro de Baroña, Porto do Son



Pazo de Oca, A Estrada

HÓRREOS, PAZOS E CRUCEIROS

O labrado en **granito** contribuíu a configurar a nosa etnografía, tanto como o labor dos campesiños ou dos mariñeiros. Porque os **canteiros** traballan desde hai séculos a pedra coa que se edificaron os miles de **cruceiros** que velan nos camiños, os perpiaños dos grosos muros dos **pazos** máis señoriais e os **hórreos** nos que gardar as colleitas máis prezadas.

Non hai dous **hórreos** iguais. Se contemplas o de **Carnota**, os de **Combarro** ou os de **Pionedo**, comprobarás

a súa variedade. Estas construcións, destinadas a gardar as colleitas, levántanse sobre piares que sosteñen cámaras ventiladas realizadas en madeira ou pedra.

Eminentemente rurais, os **pazos**, as grandes casas das familias fidalgas, edificáronse en pedra entre os séculos XVII e XIX. Arrodeados sempre de **magníficos xardíns**, nos que adoito están presentes especies vexetais dos cinco continentes, destacan neles as camelias.

Os pazos de **Mariñán**, **Oca**, **Santa Cruz de Ribadulla** ou **Fefiñáns**

son algúns dos soberbios exemplos que hai por toda a xeografía galega.

É imposible percorrer Galicia sen atoparse con dúcias de **cruceiros**, xa que hai contabilizados uns 12.000. Son cruces de pedra, expresión da devoción popular, que se levantan nos camiños ou preto de igrexas e cemiterios co fin de protexer os viaxeiros.

Non dubides en visitar o de **Melide**, datado no século XIV, ou o do **Hío**, construído no século XIX, que sobresaen pola súa espectacularidade, posto que recolle varias escenas bíblicas.



DEZ HISTORIAS
PARA VIVIR GALICIA





Dez historias para vivir Galicia

Galicia esperta os teus sentidos. Ulir os seus bosques, sentir o mar bravo, saborear a súa gastronomía, notar baixo a man a rugosidade das pedras milenarias e observar a súa variada fauna son algunhas das posibilidades que che ofrece esta **terra, rica en natureza e patrimonio.**

Galicia é para vivila, para que desfrutes con calma, consonte as túas preferencias. Por iso propoñémosche ata setenta experiencias que poderás completar en poucos días. A medida que percorras Galicia, percibirás unha variada gama de verdes, todos

representados nos seus **bosques.** Vante impresionar os dos **Ancares,** os das **Fragas do Eume** ou os das illas como **Cortegada.**

Os innumerables **ríos, regatos e mananciais termiais** son os responsables deste verdor, por iso Galicia é coñecida como a **terra dos mil ríos.** Convidámoste a coñecerlos, pero sen que te esquezas da auga salgada. Rodeadas polo océano Atlántico, moitas **praias galegas** son practicamente **salvaxes,** con areais finos e dourados, ideais para o descanso ou para practicar deportes náuticos.

Para repoñer forzas, nada mellor que percorrer as **vilas mariñeiras** da **Costa da Morte** ou das **Rías Baixas,** onde se pode ver o labor das mulleres e homes que viven do mar e degustar os peixes e mariscos máis frescos e sabedeiros.

Esta terra é máxica, así que non deixes de visitar os seus santuarios, nos que se mesturan o **pagán** e o **relixioso,** nin os **xacementos de arte rupestre** ou os **castros.** E aproveita para dar un bo paseo polos **xardíns** que rebordan de camelias e que rodean os **pazos,** señorís residencias rurais.



CAMIÑO DE SANTIAGO (1)



Ruta de peregrinación e de intercambio cultural entre a Península Ibérica e Europa, o Camiño de Santiago, Patrimonio da Humanidade, é a ruta de peregrinación con máis tradición internacional.

SANTIAGO DE COMPOSTELA (2)



A capital de Galicia é o destino de milleiros de peregrinos que completan o Camiño de Santiago cada ano. A súa catedral e conxunto histórico foron declarados Patrimonio da Humanidade.

SANTA TREGA (3)

Desde o alto do castro, asentamento prerromano, obtéñense as mellores vistas da fronteira entre Galicia e Portugal, onde o río Miño se abre á inmensidade do océano Atlántico.

TORRE DE HÉRCULES (4)



Conta a lenda que Hércules venceu o xigante Xerión e enterrou a súa cabeza

nun lugar sobre o que logo se levantou o faro, que actualmente é o único de orixe romana en funcionamento.

CABO FISTERRA (5)

Fin do mundo coñecido e lugar de culto ao sol na Antigüidade, a este lugar incomparable, á beira do salvaxe océano Atlántico, chegan os peregrinos tras visitar Santiago de Compostela.

ILLAS CÍES (6)

A praia de Rodas, a máis bonita do mundo, segundo o diario *The Guardian*, atópase nas paradisíacas Illas Cíes, que forman parte do valioso Parque Nacional das Illas Atlánticas.

FERROL DA ILUSTRACIÓN (7)

Desde o século XVI, Ferrol, que naceu como unha vila de pescadores, foi crescendo ata converterse na maior base naval de Europa no século XVIII e porto ao servizo da Armada Real.

SERRA DA CAPELADA (8)

Os acantilados máis altos da Europa continental, que se elevan máis de 600 metros sobre o nivel do mar. Neles habitan cabalos salvaxes e érguese o popular santuario de Santo André de Teixido.

RIBEIRA SACRA (9)

As abas das montañas inzadas de viñedos e a magnífica arquitectura románica descenden en escarpadas pendentes cara aos ríos Sil e Miño, creando unha paisaxe de irrepitible beleza.

MURALLA DE LUGO (10)



Paseando por riba da ben conservada muralla romana, pódese contemplar o centro histórico lucense presidido pola catedral. A lenda di que a muralla se levantou para protexer un bosque sacro.



1



2



3



4



5



6



7



8



9



10

25



BOSQUES DE GALICIA

A gama infinita de verdes que caracteriza os bosques galegos, xunto coas brétemas matinais e o rumor dos ríos que os atravesan, crean unha atmosfera de calma e misterio na que desexarás perderte.

Os Ancares

Os Ancares, xunto co Courel, é unha das maiores reservas de fauna e flora de Galicia. Son varias as **rotas de sendeirismo** que atravesan estas serras nas que habitan raposos, porcos bravos, lobos, corzos e mesmo osos. Aconsellámosche que visites as aulas de natureza para obter información máis precisa antes de iniciar o teu percorrido.

As **pallozas**, típicas casas de montaña con tellados de palla para que a neve escorregue e non se venzan polo peso, pódense observar en aldeas como **Piornedo**. Son construcións prerromanas que estiveron habitadas ata hai poucos anos. Entre a **flora**

que descubrirás nestes lugares están as carballeiras autóctonas, así coma os acivros, de froitos vermellos que destacan no medio da neve no inverno.


Percorrer a **Fraga da Marronda**, situada no municipio lucense de Baleira, é unha experiencia diferente en cada estación debido ás tonalidades cambiantes da súa paisaxe.

Durante o camiño, ben sinalizado, atoparás pontes, muíños ou hórreos, estes últimos construídos coa tipoloxía arquitectónica da zona. Tamén accederás ao nacemento do río Eo, que desemboca no mar

Cantábrico tras abrirse paso por este **bosque centenario**.

Nesta **frondosa fraga**, bosque formado por especies autóctonas de Galicia, distínguense carballos, bidueiros, castiñeiros, aciñeiras, abeleiras, ou os característicos acivros.

Seguindo nesta zona de alta montaña, encontrarás o **bosque de aciñeiras de Cruzul**, que representa un caso singular en Galicia, xa que esta especie crece en climas máis secos. Ademais, conta a lenda que está habitado por meigas. **Atrévete a penetrar nel para descubrir algúns dos seus misterios?**



Aldea de Piornedo, Cervantes

Situada no concello de Beceerreá, esta masa boscosa caracterízase pola súa espesura; nela as carrizas e liques abrazan os troncos das árbores, dando testemuño da **escasa contaminación** que hai na zona.

Aos castiñeiros centenarios que atoparás no **Souto de Agüeira**, nas Nogais, os habitantes do lugar apuxéronlles durante séculos poderes curativos, xa que con eles se elaboran remedios caseiros, e as súas **castañas** son moi apreciadas en gastronomía.

O período ideal para visitalo é no outono, cando encontrarás o chan cuberto polos ourizos abertos que deixan asomar os saborosos e carnosos froitos.



Devesa da Roqueira

Situada en **Folgo do Courel**, a Devesa da Roqueira ofrece tanta diversidade de especies vexetais que pasear entre elas é unha **experiencia ben interesante** para os amantes da botánica e o sendeirismo.

Nas súas terras atópase a **maior diversidade vexetal de toda Galicia**; por iso para moitos é o **bosque máis fermoso** desta zona.

As gamas de verdes son infinitas, porque as faias, os cancreixos, os pradairos, os castiñeiros, os carballos e os teixos contribúen a que

estes vales e montañas sexan un **espectáculo para os sentidos**.

A ruta sinalizada para sendeiristas mide case nove quilómetros e ten unha dificultade media. Antes de emprenderes o camiño, pódeste informar sobre ela na Aula da Natureza de Moreda, en Seoane do Courel.

Unha das maiores recompensas desta aventura será alcanzar o **Pico Formigueiros**, pasando previamente por unha lagoa glacial, desde o que terás unhas vistas inmemorables.







As Fragas do Eume

Catalogado como bosque atlántico por excelencia, as **Fragas do Eume** teñen a categoría de protección de parque natural. A través das súas rutas poderás descubrir multitude de especies vexetais autóctonas, incluídos fentos e liques que permanecen na zona desde a **Era Terciaria**.

Cunha extensión de máis de **9.000 hectáreas**, esta fraga consérvase practicamente virxe e nela apenas vive xente.

As rías altas de Betanzos e Ares, próximas a esta masa boscosa de incalculable valor, son as que lle proporcionan un **clima suave** durante todo o ano.

O **río Eume** e algún dos seus afluentes regan este val inzado de freixas e saltos de auga; o seu discorrer incesante racha co silencio do bosque, que poderás coñecer camiñando por algunha das súas rutas sinalizadas.

Se reparas no terreo, é posible que distingas pegadas de **lobos**, aínda que polo seu comportamento, fuxidío cos humanos, será difícil que poidas chegar a velos.

Nun dos lugares máis espectaculares érguese o **Mosteiro de Caaveiro**, construído no século XII para acoller os **anacoretas** que habitaban na zona. Alí poderás intuír o retiro espiritual

e a absoluta tranquilidade da que gozaron estes primeiros habitantes. As **vistas panorámicas** sobre o río e as fragas son inmemorables.

Moi preto, aínda que fóra das fragas, tes outra xoia arquitectónica: o **Mosteiro de Santa María de Monfero**, situado nun pequeno val polo que corre o río Lambre.

Verás como te sorprende a decoración da súa **fachada**, en forma de **axadrezado** e realizada en granito e lousa, así coma os **sartegos** conservados no seu interior e delicadamente labrados da familia **Andrade**, que gobernou a zona durante sécu-



Ponte Medieval sobre o río Sesín



los e se converte nunha das máis poderosas.

Moi cerca, no municipio de Aranga, sitúase outra das xoias naturais desta comarca: a **Fraga das Barbudas**, repleta de ferverzas que chegan a alcanzar os vinte metros de altura. A variedade vexetal desta fraga non deixará de impresionarte.

Os raposos, os xabarís, as cabras ou os corzos habitan estes lugares regados polos ríos Cambás e Mandeo, que desembocan no veciño mar.

Ao longo do percorrido encontrarás a minicentral eléctrica de Barreiros e a aldea do Couce, rodeada de prados e terras de labranza que compoñen unha típica estampa rural galega.



Illa de Cortegada

Situada na **Ría de Arousa**, a Illa de Cortegada forma parte do **Parque Nacional das Illas Atlánticas**, xunto a Ons, Cíes e Sálvora. A causa do seu carácter de **espazo protexido**, para accederes a ela deberás informarte sobre o horario dos barcos que te acercarán ás súas costas.

Visitada por expertos botánicos de todo o mundo, asombra o **bosque de loureiro** que cobre a súa superficie facendo dela un auténtico tesouro natural. É habitual cocer o marisco cunha presa de follas desta árbore para potenciar o seu sabor. Ao desembarcares, achégate ao punto de información para visitantes no que

se indican as dúas rutas sinalizadas, ambas fáciles de completar.

O primeiro dos circuítos rodea o perímetro da illa e o segundo faino ata a metade para atravesala posteriormente polo medio dos loureiros. Ambos os camiños parten cabo das ruínas da **ermida da Virxe dos Milagres**, á que acudían peregrinos desde o século XVII polas súas supostas propiedades curativas.

A costa da illa está chea de **praias tranquilas e solitarias** nas que descansar, pasear ou darse un refrescante baño nas súas limpas augas.







SANTUARIOS MÁXICOS

Terra de crenzas e lendas, en Galicia descubrirás enclaves únicos e espectaculares vistas desde templos que unen tradicións de orixe pagá con ritos cristiáns desde hai centenaes de anos.

A viaxe dos tres desexos

Este percorrido principia na localidade coruñesa de **Ferrol** e ha levarte ata a luguesa de **Viveiro**. Durante a travesía coñecerás a costa situada máis ao norte, onde os escarpados cantís son golpeados por un formidable **océano Atlántico**.

As crenzas populares e as **lendas** forman parte das tradicións desta terra. O suposto poder medicinal de moitos elementos naturais vinculados a crenzas espirituais mestura o **pagán** e o **relixioso**. Son moitos os devotos que acoden cada ano a estes tres santuarios para cumprir promesas, rogar aos santos ou coñecer os lugares nos que se enclavan.

En **Ferrol** propómosche un paseo polo **Barrio da Madalena**, desde o que poderás apreciar o pasado industrial e mariñeiro dunha cidade que viviu o seu esplendor durante a época da Ilustración, canda a construción do seu complexo militar.

O primeiro santuario que visitaremos será a **Ermida de Chamorro**. O seu nome provén da devoción que sentían os mariñeiros pola talla da Virxe que se custodia no seu interior, dado que ante o perigo de naufragar berraban: «Xa morro!», esperando a intervención divina. Será ante a súa patroa onde poderás pedir o teu primeiro desexo.

Continuando pola costa encontrarás **areais** coma os de **Covas, Valdoviño, Pantín** ou **Vilarrube**, ideais para pasear en calquera estación e que actualmente son os preferidos polos **amantes do surf**.

De **Santo André de Teixido** conta a **lenda** que quen non vai de vivo unha vez, vai de morto tres. Os peregrinos camiñan ata cincuenta quilómetros para chegar ao santuario por paisaxes debuxadas por **praias salvaxes** e **acantilados** dunha altura que corta a respiración. Son variados os **rituais** asociados á devoción a este santo. Na igrexa do século XVIII, non esquezas facer a túa **petición**.



De camiño a Cedeira, na **Serra da Capelada** poderás contemplar o océano Atlántico desde **os cantís máis elevados de Europa**. Contemplar o solpor é un espectáculo inesquecible. Nas localidades veciñas poderás degustar boas racións de navallas ou percebes.

Sabes onde podes conseguir unha das **vistas máis espectaculares** do mundo? Desde un **banco** situado nos acantilados de **Loiba**. Toma asento, respira, nota a brisa na cara e reláxate contemplando a inmensidade da ría e os cabos Ortegal e Estaca de Bares nos seus extremos.

O **terceiro desexo** pódelo pedir ante a gruta da Virxe de Lourdes do Convento das Concepcionistas de **Viveiro**.



Santuarios e viñedos

Esta proposta de ruta comeza na localidade ourensá de **Esgos** e finaliza no **Bolo**, situada na mesma provincia.

Estas **agrestes montañas** resultaron o lugar perfecto para os anacoretas e ermitáns que en tempos remotos as poboaron; a súa orografía aparece salpicada de vestixios arquitectónicos que son testemuño da Historia, e nelas a vida discorre con tranquilidade.

O teu primeiro destino será coñecer **San Pedro de Rocas**. No corazón da **Ribeira Sacra**, terra de viñedos ancestrais, foi neste mosteiro onde se

comezou a desenvolver o cristianismo en Galicia. No seu interior atópanse restos do único mapamundi coñecido en toda Europa de época románica, chamado tamén Mapamundi dos Beatos.

O seu **cenobio**, orixinal do **século VI**, as súas tres **capelas escavadas na rocha** e as súas **tumbas antropomorfas** han trasladarte a tempos pasados e sentirás a soidade dos que habitaron este recanto remoto. Preto de alí atópase unha **fonte** da que brota unha auga á que se lle atribúe a capacidade de curar verrugas e alisar as engurras.

No Centro de Interpretación da Ribeira Sacra, que se encontra a carón da construción, aprenderás acerca das tradicións ou oficios ancestrais da comarca, ademais de coñeceres os viños que se producen na zona.

Moi preto de alí atópase o **mosteiro de Santa María de Montederramo**. A lenda atribúelles a un frade e dous corzos a súa fundación no século XII. A estatua realizada en pedra deste relixioso é a que custodia a entrada do templo. O Claustro Procesional e o Claustro da Hospedaría son as xoias do conxunto.





Seguindo o teu camiño, chegarás a **Castro Caldelas**, onde se alza o **santuario dos Remedios**, que alberga un curioso museo de arte sacra. Un imponente **castelo**, edificado hai máis de 600 anos, levántase na parte alta da vila. No seu interior pódese visitar un centro etnográfico onde se recrea como foi a vida naquela época.

A **ponte romana** sobre o río **Bibei**, construída en tempos do emperador Traxano e que salva un desnivel de 23 metros, ha darche a benvida de camiño cara á **Pobra de Trives**.

Xa no **Bolo**, acércate ao **santuario das Ermidas**. A lenda conta que a imaxe de nosa Señora foi descuberta por uns nenos pastores nunha cova. O **espectacular edificio**, cunha fachada que data do século XVIII, es-

cavouse na rocha. Durante a Semana Santa celébrase un **concorrido viacrucis**.

A **paisaxe**, ategada de **vides** dispostas en socalcos, é a protagonista nas terras de **Valdeorras**, de camiño cara ao Barco. Preto desta vila atoparás o lugar de **Xagoaza**, onde están a **igreja** e o mosteiro de **San Miguel**.

A primeira é de orixe románica e conserva pinturas murais do século XVI, namentres que o segundo dátase dous máis tarde, no XVIII.

Na planta baixa do mosteiro hai unha **adega** onde poderás participar nunha cata, así como contemplar, na planta superior, o seu magnífico **claustro** cerrado con galerías de madeira.



PATRIMONIO OCULTO

Son moitos os recunchos de Galicia que te animamos a descubrir. Terra eminentemente rural, abóndache con percorreres as súas vilas e aldeas para atopar igrexas, mosteiros, petróglifos, hórreos, pazos ou muíños que se revelan como auténticos tesouros ocultos.

Ourense: pedras con encanto

Comezarás o teu percorrido na localidade da **Merca**, onde se pode ver a maior concentración de **hórreos** do país. Destinados a almacenar as colleitas agrícolas, estes 34 exemplares repiten a mesma tipoloxía: base de pedra, cámara de madeira e cuberta de tella. Dispostos na mesma orientación, crean un **conxunto etnográfico moi singular**.

De camiño a Celanova, pásase por **Vilanova dos Infantes**, unha vilariña medieval con rúas empedradas cheas de casas tradicionais e señoriais. Na parte alta levántase a torre dun **castelo** e tamén se conserva unha igrexa de estilo románico.

As impresionantes fachadas da igrexa e do **mosteiro de San Salvador** han darche a benvida á praza maior de **Celanova**. Moi preto, poderás visitar a **capela mozárabe de San Miguel**, única no seu estilo e sorprendente polo seu reducido tamaño.

Continuando en dirección sur, atoparás **Bande**, no que destaca o **templo visigodo de Santa Comba**, do século VII. Cabo del está o **Pociño dos Namorados**, unha fonte cunhas augas que, segundo a lenda, fan nacer o amor.

En **Lobios** está a **igrexa barroca de San Salvador de Manín**, que foi trasladada dúas veces pedra a pedra, unha

no século XVIII e outra no XX. Cerca, no municipio de Muíños, encóntrase o xacemento das **Maus de Salas**, que conta con varios **enterramentos megalíticos ou dolmens**.

Un paseo pola localidade de Allariz trasládanos a tempos medievais. Os edificios construídos en pedra e madeira son os protagonistas dun **centro histórico** sumamente evocador. Aproveita para comer nalgún dos restaurantes con vistas ao río Arnoia.

No municipio de **Maceda** espérate un dos **castelos** máis impresionantes de Galicia, testemuña de distintas invasións durante a Idade Media.





Ponte de Vilanova. Allariz



Conxunto de hórreos. A Merca



Castros, muiños e sambenitos

Este percorrido comeza en **Tui** e finaliza en **Mondariz-Balneario**, ambos os dous concellos da provincia de Pontevedra.

Tui, coñecida pola súa **catedral** de aspecto defensivo e polas súas rúas tipicamente medievais, conserva vestixios do que foi un destacado **barrio xudeu**. Deambulando pola súa zona vella sentirás que te trasladas a outras épocas, mentres repós forzas nas tascas e mesóns onde gozarás da gastronomía máis típica, incluídas as **angulas** pescadas no **río Miño**.

No **Museo Diocesano** desta localidade exponse a única colección de

sambenitos conservada en España. Son escapularios xigantes destinados a humillar os condenados polo tribunal da **Santa Inquisición**, que os obrigaba a que camiñasen descalzos levando estas pezas e un cirio prendido. Este **escarnio público** pretendía servir de exemplo ao resto da sociedade.

De camiño cara á localidade de **To-miño** encontrarás a **Fortaleza de Goián**, situada á beira do Miño que, neste treito, se achega á súa desembocadura. Trátase dun conxunto de construcións defensivas que datan do século XVII, levantadas ás dúas marxes do río.

De camiño á **Guarda**, atoparás o conxunto de **muiños do Folón e O Picón**, en pé desde os séculos XVII e XVIII, respectivamente. Dispostos en escaleira para aproveitar a forza da auga descendente, actualmente é posible pasear entre os 67 existentes.

O **Castro de Santa Trega**, situado na Guarda, é un dos mellor conservados de toda Galicia. Sube ata o curuto do monte e obterás unhas **vistas inmillorables da desembocadura do río Miño**. Ademais dos restos escavados, que nos ensinan como vivían os seus habitantes, pódense ver as distintas formas das casas e observar varios **petróglifos**.



Muiños do Folón e do Picón, O Rosal

Nos concellos da Guarda e O Rosal ábrese o **esteiro do Miño**, unha zona húmida de grande extensión e valor ecolóxico que se observa perfectamente desde a cima do castro. Nos restaurantes destas localidades poderás recuperar forzas comendo os produtos típicos, entre os que destacan as **lagostas**.

Proseguindo o camiño, pasarás polo **mosteiro de Oia**, cuxa fachada principal se abre ao mar. Unha vez en **Baiona**, pasea pola súa zona vella e acércate ata a réplica da **carabela Pinta**. A orixinal arribou a este porto en 1493 para dar conta do descubrimento de América. Finalmente, se queres conseguir un descanso reparador, o **balneario de Mondariz** será a mellor das recompensas.





FAROS E PRAIAS SALVAXES

Con máis de 1.600 quilómetros de costa, Galicia é terra de praias e mar. O océano Atlántico bate nas costas sen descanso e con carraxe para formar areais dourados e cantís situados en recantos de beleza incomparable.

Faros e praias da fin do mundo

Propómosche que percorras o arco da costa galega, na que o **océano Atlántico** golpea con toda a súa intensidade. O periplo comeza en **Malpica de Bergantiños** e remata en **Fisterra**.

Esta franxa de terra situada na provincia coruñesa denomínase **Costa da Morte** e toma o seu nome das catástrofes e naufraxios que se produciron fronte aos seus acantilados. Durante o inverno son frecuentes os **temporais** de vento e mar, que dificultan moito a navegación.

Na zona de Malpica de Bergantiños comprobarás como os faros son vitais para orientar os mariñeiros en condi-

cións extremas. O de **Punta Nariga**, cunha feitura que lembra á dun barco, é un dos máis salientables. Disque os **percebes** que se extraen de **cabo Roncudo** son os máis exquisitos do mundo, por iso están tan solicitados en mercados e restaurantes. Desde terra poderás albiscar as **illas Sisargas**, declaradas zona de especial protección para as aves.

De camiño a **Camariñas** é obrigado que te deteñas nas **praias de Soesto e Traba**, no municipio de Laxe. Verás como te revitaliza un paseo polos seus finos areais, mentres que o forte vento e unha intensa marusía farán que sintas o poder do Atlántico.

Camariñas é unha vila mariñeira; preto dela está **Cabo Vilán**. O seu faro elévase máis de cen metros sobre o nivel do mar e foi o primeiro en funcionar con electricidade na costa española. No **Museo dos Naufraxios** coñecerás a beleza deste lugar, e tamén o perigoso que resulta para a navegación, xa que neste tramo de costa se contabilizan 150 naufraxios.

Testemuño da dureza coa que o océano trata estas terras é o **Cemiterio dos Ingleses**, onde están soterrados 172 tripulantes do buque militar HMS *Serpent*, afundido no século XIX. As **praias** desta contorna son salvaxes e nos seus areais,



Faro de Cabo Vilán

xunto cos das illas Cíes, é onde medra a **camariña**, un **arbusto autóctono** do que deriva o nome da vila.

O punto máis occidental de España na península está marcado polo **Cabo Tourián**; onda el está a preciosa praia de Nemiña. Preto, desde o **Monte Facho**, poderás enxergar a localidade de Muxía.

Cando chegues a **Fisterra** estarás na **fin do mundo** coñecido para os romanos. Aquí finalizan o **Camión de Santiago** moitos peregrinos. Dá un paseo polas **praías do Rostro** ou **Mar de Fóra**, sempre solitarias. E non deixes de contemplar o solpor desde algún dos cantís veciños.



Rinlo, Ribadeo



As catedrais do mar

Partindo da vila de **Ribadeo** coñecerás o extremo oriental da costa de Lugo ata chegares a **Viveiro**.

Ribadeo está situado na **Mariña luguesa**, unha costa vinculada a lendas de sereas e mariñeiros. A zona vella desta vila posúe un gran número de construcións propias da **arquitectura indiana**. Tras percorrela podes pasear ata **Illa Pancha**, que conta con dous curiosos faros pintados en branco e azul; o máis baixo é de finais do século XIX e o outro de 1987.

Parada obrigada é a viliña pesqueira de **Rinlo**, moi preto de Ribadeo, famosa polo seu pequeno porto e polo


célebre **arroz con marisco** acabado de pescar que preparan nos seus restaurantes. Con forzas renovadas, poderás pasear ata a **praia dos Castros** e chegar á beira do mar accedendo a través dun túnel natural.

Próxima está a **praia das Catedrais**. Convén que te informes sobre os permisos necesarios para visitala en período estival e en Semana Santa, así coma tamén sobre a marea. Se está baixa, poderás camiñar entre os **arcos pétreos** que a acción do mar vén formando desde hai séculos, tornando estes caprichos rochosos en bóvedas de máis de **trinta metros** e en **furnas que é posible explorar**.

Se prefires contemplar este espectáculo da natureza desde un punto de vista elevado, só tes que asomarte ao cantil. Proseguindo o teu camiño irás dar á praia de Peizás e ao castro de Fazouro.

A **cerámica** máis famosa de Galicia é a de **Sargadelos**; a súa fábrica, do mesmo nome, comezou a súa actividade no século XIX. Anímate a observar como se realizan as pezas, coa súa **policromía** inconfundible e o seu característico azul. Poderás levar de recordo algunha das figuras ou vaixelas.

Moi cerca está o **cabo San Cibrao**, no concello de **Cervo**, onde existen uns illotes, **Os Farallóns**, onde disque



vive **A Maruxaina**, unha serea que nos días de treboada reclama a atención dos **mariñeiros** que navegan preto, aínda que se ignora se é para facelos naufragar ou para axudalos na súa travesía.

Antes de degustares unha saborosa **pescada do pincho** nalgún dos restaurantes do porto de Celeiro, recomendámosche que visites a **praia de Esteiro**, en Xove, con zonas verdes ideais para un pícnic.

As vistas desde **Monte Faro** son increíbles, así que non dubides en visitalo antes de percorrer Viveiro; no seu centro histórico podes admirar o seu urbanismo de orixe medieval. A súa **Semana Santa** está declarada de **Interese Turístico Internacional**.



OCEANO ATLÁNTICO

MAR CANTÁBRICO



CAMIÑO DE SANTIAGO

Como ruta de peregrinación máis antiga e concorrida de Europa, a Santiago de Compostela pódese chegar por varias vías que proceden de distintos lugares e que atravesan o continente e a Península Ibérica. Percorrer o Camiño cambia a vida de quen o emprende e comparte con outros aventureiros. Esta vivencia mestura aspectos espirituais, relixiosos e deportivos que lle proporcionan ao viaxeiro unha experiencia total para os cinco sentidos.





Camiño Francés

Esta ruta de peregrinación principia na aldea lucense do **Cebreiro** para rematar ante a urna cos restos do apóstolo Santiago na **catedral compostelá**.

O Cebreiro está situada entre **Os Ancares** e **O Courel** e nela poderás ver as **pallozas**, arquitectura autóctona de Galicia caracterizada por uns tellados realizados en palla que facilitan que a neve escorregue no inverno. Unha delas alberga o Museo Etnográfico, onde se pode coñecer como se viviu neste territorio durante séculos ata hai poucos anos. Nesta localidade tamén está a **igreja de Santa María a Real**, coa capela

do Santo Milagre, que garda un cáliz e unha patena, auténticas xoias románicas

En dirección a Samos pasarás por Liñares, por Hospital da Condesa e polo Alto do Poio, tres lugares de grande interese paisaxístico. En **Triacastela**, que xa figura como final de etapa no **Códice Calixtino**, atoparás albergues e aloxamentos para os peregrinos.

En Samos, onde son típicas as troitas que se pescan nos ríos Oribio e Sarria, poderás visitar a **capela mozárobe do Ciprés** e o **mosteiro de San Xián**. O percorrido polos

seus claustros e pola súa formidable igrexa supón unha auténtica viaxe no tempo. Continuando ata Portomarín, chegarás a **Sarria**, unha das localidades máis destacadas do Camiño.

Saíndo deste lugar e chegando a Santiago, os peregrinos xa gañan «A Compostela», documento que acredita que se realizou un mínimo de 100 quilómetros da ruta. Na aldea de **Barbadelo** podes visitar a igrexa románica de Santiago, declarada monumento nacional. Preto está a localidade de **Portomarín**, con vistas ao encoro de Belesar. As augas deste alagaron a antiga poboación, polo que





San Salvador de Vilar de Donas. Palas de Rei

varios edificios foron trasladados pedra a pedra, incluída a **igreja de San Nicolao**. Se o nivel da auga é baixo, pódense observar as ruínas da antiga vila. Anímate a probar a **empanada de anguía**, típica da zona, xunto coa torta de améndoas e a augardente.

No municipio de **Palas de Rei** destaca o **mosteiro de Vilar de Donas**; o interior da súa igrexa está decorado con **frescos do século XIV**. A escasos quilómetros atópase o **castelo de Pambre**, considerado o mellor exemplo de arquitectura militar galega e rodeado por unha evocadora paisaxe con vexetación autóctona.

Parada obrigada para recuperar folgos é a vila de **Melide**, famosa pola preparación do **polbo á feira**, que

se degusta acompañado de **pan de centeo**. Tamén teñen moita sona os seus **melindres**. Seguindo con produtos gastronómicos tradicionais, o cremoso **queixo de Arzúa** representa por si só un motivo para visitar esta localidade.

A escasa distancia está **Santiago de Compostela**. A chegada á ansiada meta recompénsase con misa ás 12 do mediodía na catedral en honra ao peregrino. Tras ela poderás **abrazar o busto do Apóstolo no Altar Maior**.

Aproveita para coñeceres o **clausuro**, o **museo**, a **cripta** onde se custodian os restos do corpo de Santiago ou a **Porta Santa**, que unicamente se abre en **Ano Santo**, cando o 25 de xullo, día do Apóstolo, coincide en domingo.



Pola Vía da Prata

Viaxando desde Verín, na provincia de Ourense ata Santiago de Compostela coñecerás como é esta ruta, denominada **Vía da Prata**.

En Verín vaiche dar a benvida a **fortaleza de Monterrei**, da que destaca a súa torre da homenaxe, que domina a vila e o val do río Támega. Situada no alto dunha acrópole, desde hai 800 anos vivía as terras que se internan en Portugal.

Entre outras construcións, a súa tripla muralla custodia o **Pozo Verde**, relacionado con historias de infidelidades e suicidios, como o da esposa de **Pedro O Cruel**. É típico comer **polbo**

á feira, **bacallau** ou **androlla**, embutido de carne de porco, acompañados do viño da zona.

Continuando co percorrido chegarás a **Augas Santas**, moi próxima a **Allariz**. Esta última vila posúe unha das zonas vellas máis recomendables de Galicia. Paseando por ela poderás degustar lambetadas coma os melindres ou a torta real, ademais de **Queixo do Rexo**, feito con leite de ovella.

Coñecida como a **capital termal de Galicia**, **Ourense** posúe un importante centro histórico, no que destaca a súa **catedral**, coa famosa **capela do**

Santo Cristo. A existencia da **fonte das Burgas**, da que brota a auga a 67 graos, está ligada á lenda que di que baixo a cidade existe un volcán en repouso.

Ademais de capital do **viño do Ribeiro**, **Ribadavia** acumula un valioso patrimonio histórico-artístico, entre o que sobresa o **Castelo dos Condes**, unha das fortalezas máis representativas de Galicia.

Son moi interesantes as vinotecas, onde se poden degustar os viños da comarca. Ademais, non esquezas probar os doces que se venden no antigo barrio xudeu.





Moi preto de Ribadavia atópase o **balneario de Laias**, onde poderás descansar logo de percorrer os viñedos da zona de **San Clodio**, no municipio de Leiro.

A localidade de **Cea** é coñecida pola elaboración dun **pan** (I.G.P. Pan de Cea) famoso en toda Galicia. Poderás acompañar a súa degustación co licor Eucaliptine, elaborado a base de follas de eucalipto e que preparan moi cerquiña os monxes do **mosteiro de Oseira**.

O mosteiro destaca polas súas grandes dimensións e paga a pena perderse entre a **inmensidade dos seus claustros**, a **escaleira de honor** e a súa **impresionante igrexa**, na que destaca o deambulatorio con capelas que cerra a cabeceira. Nun

lateral encontrarás a sala capitular, cuberta por unha bóveda de aresta sostida por columnas salomónicas.

Á capital galega, **Santiago de Compostela**, accederás pola rúa Ponte do Sar, o que che permitirá visitar a colexiata do mesmo nome; os seus muros inclinados sostéñense grazas a uns formidables contrafortes que a fan tan recoñecible. O **centro antigo**, coa catedral como protagonista, está só a uns pasos, e a través das súas rúas estreitas desembocarás na maxestosa **praza do Obradoiro**.

Aproveita a estadia para coñecer o característico **Mercado de Abastos**, realizar compras de produtos artesanais ou repoñer forzas nalgún bar de tapas.



MANANCIAIS

Como primeiro destino termal a nivel nacional, Galicia conta con máis de trescentos mananciais, moitos deles con auga de gran poder terapéutico por mor da súa riqueza en principios minerais.

Augas termais e viños do Ribeiro

Se fas un percorrido entre as localidades ourensás de **Cenlle** e **San Amaro**, levarás unha idea clara de como é esta **zona, rica en augas termais e viñedos**.

O **Carballiño** e O **Ribeiro** son comarcas que ostentan a **Denominación de Orixe do Ribeiro**; ao seu amparo prodúcese un dos viños máis sabedeiros de Galicia. Ademais do aproveitamento das augas termais, a produción vitivinícola é a outra actividade económica primordial da zona.

A aldea de **Laias** é o lugar ideal para recuperar forzas probando os pro-

ductos típicos da terra regados cun bo viño. Pódeste aloxar en casas rurais ou no hotel-balneario, onde na época romana se explotaba o ouro do río.

Unha andaina pola **ribeira do Miño**, o río máis longo de Galicia, é unha boa elección para gozar da natureza desde Laias ata Barbantes-Estación. Relaxarse recibindo unha masaxe ou gozando das augas nas instalacións do balneario de Laias, con vistas ao encoro de Castrelo de Miño, é unha opción estupenda para rematar a xornada.

O **pan** da localidade de **Cea** (I.G.P. Pan de Cea), o **polbo á feira** do Car-

balliño, as canas recheas de crema ou o **licor café** son algúns dos manxares que podes saborear nesta zona.

Nesta última localidade vaiche resultar curiosa a arquitectura do **templo da Veracruz**, deseñado por Antonio Palacios. O seu estilo historicista mestura elementos decorativos de diversos períodos artísticos, o que fai del, xunto con outros exemplos deste arquitecto, un edificio moi singular.

O **Carballiño** tamén posúe un importante **balneario** ao que acode a xente desde hai anos á procura de alivio para diversas doenzas, ou simplemente unhas horas de relax.



O Castro de San Cibrao de Las, un dos máis grandes de Galicia, coñecido como **A Cidade**, localízase entre os concellos de Punxín e San Amaro. Estivo habitado desde o século II ata a fin da **cultura castrexa** e no conxunto destacan as murallas concéntricas e a fonte ou cisterna coa que se abastecía a acrópole.

É recomendable participar nunha **cata** nalgunha das **adegas** da zona rodeadas de viñedos para terminar de empaparse do espírito da comarca, cuxas **primeiras cepas** plantaron os **monxes cistercienses de San Clodio**. Este mosteiro, con orixe no século VI, converteuse axiña nun núcleo agrícola próspero. Hoxe en día é un hotel cheo de encanto no que, pola calidade artística, destaca o seu claustro.



Auga e aventura no Parque do Xurés

A ruta desenvólvese entre **Bande** e **Lobios**; esta última localidade termal conta cun balneario do que destaca a calidade das súas augas mineromedicinais.

Comezando o periplo, comprobarás que quedan na zona **asentamentos e calzadas de época romana** arrodeados de frondosos bosques e verdes vales; neles pódense ver **saltos de auga e fauna salvaxe** coma corzos, cabalos ou lobos.

A igrexa de **Santa Comba de Bande** é a única edificación que permanece en pé dun antigo mosteiro. Data do **século VII** e, aínda que de reduci-

das dimensións, a súa planta de cruz grega, precedida dun pórtico, mostra no seu exterior un efectista xogo de volumes. No interior pódense admirar frescos nos que se representan os catro evanxelistas, así coma a Anunciación e a Deus Padre sobre a bóla do mundo.

A pouca distancia sitúase o **campamento militar romano de Aquis Querquennis**, que data do século I e desde o que se impulsou a construción dunha importante calzada que unía Astorga e Braga.

Situado na marxe do **río Limia**, durante as crecidas deste pode desapa-

recer mergullado. Ademais dos restos arqueolóxicos, tamén poderás visitar o centro de interpretación onde che contarán numerosas curiosidades sobre a súa organización e a súa funcionalidade dentro do Imperio Romano.

No **balneario de Lobios** poderás beneficiarte da auga bicarbonatada que mana a máis de 70 graos. As súas piscinas teñen vistas ás montañas da Serra do Xurés e polo paseo fluvial pódese camiñar ata a piscina pública con augas termais.

Tamén descubrirás muiños, pozas e diversos saltos de auga con variedade de azuis.



Na zona é típica a **carne de caza** e de vaca, polo que che recomendamos que teñas presentes estes produtos á hora de pedir os teus pratos.

A segunda variedade de raza bovina adoita ser de **cachena**, unha **raza autóctona de bóvido**, caracterizada por unha gran cornamenta, que vive ceibe nas herbeiras

Durante a **ruta da Corga da Fecha**, que arranca desde o balneario, atravesarás o lugar onde se atopan os **restos arqueolóxicos da casa Aquis Originis**; aínda se aprecian unha cociña, a zona termal e o sistema de calefacción localizado no subsolo, que era utilizado tamén nas termas imperiais da época romana.



PASEANDO ENTRE VIÑEDOS

Con cinco denominacións de orixe e froito de tradicións centenarias, os viños de Galicia son apreciados en todo o mundo e visitar os lugares onde se producen será para ti de fixo unha agradable experiencia.

Cambados, berce do Albariño

Cambados é o punto de inicio e chegada desta ruta na que coñecerás as terras onde se cultiva a famosa uva de Albariño.

Vila señorial, Cambados combina **arquitectura palaciana e tradición mariñeira**. Os viños que ofrecen as súas adegas, da **D. O. Rías Baixas**, son o perfecto acompañamento para os **peixes e mariscos** da zona.

O Paseo da Calzada, a rúa Príncipe ou o Parador son puntos que debes percorrer durante a túa visita, normalmente chea de turistas durante os meses estivais grazas ao seu clima suave e á súa inmillorable gastronomía.

A Festa do Viño Albariño, declarada de **Interese Turístico Nacional** e das máis antigas de España, é unha das **citas ineludibles no verán galego**; nela podes visitar as casetas que habilitan as adegas da zona para ofrecer os seus produtos.

Desde o paseo marítimo desta localidade contémpanse as **illas da Toxa e Arousa**. Entre elas e a costa observarás unha grande extensión de bateas dedicadas a cultivar **mexillón** ou **ostra**, auténticos manxares que serven nos bares ou restaurantes locais. Lembra que as especiais e inigualables condicións naturais que se dan nas **rías galegas** fan que a calidade do

marisco sexa insuperable e recoñecida a nivel internacional.

O **pazo de Fefiñáns** é un dos mellores exemplos de arquitectura civil señorial que hai en Galicia. Situado á par da igrexa de San Bieito, este pazo de carácter semiurbano forma un interesante conxunto artístico que se comezou a edificar durante o século XVI.

No seu patio de armas dominan os escudos do vizcondado de Fefiñáns e do marquesado de Figueroa. Con planta en "L", ábrese á praza que leva o seu nome e nel destaca a torre ameada. Ademais, conta cunha **adega**, a máis



antiga da comarca, que data de 1904. Podes realizar un percorrido por parte dos **viñedos** ou pasear polos **xardíns**, onde sobresaen as árbores de especies autóctonas, así coma os buxos centenarios.

No **Museo Etnográfico e do Viño** coñecerás a historia e métodos de produción do viño da comarca do Salnés, na que se sitúa Cambados. Na veciñanza están as ruínas da **igreja de Santa Mariña Dozo**, que albergan un romántico cemiterio.

Se cruzas o **barrio mariñeiro de San Tomé**, chegarás a unha ponte que dá acceso ao illote Figueira, onde se poden visitar as ruínas da **torre de San Sadurniño**, construída na Idade Media.



Priorado do Ribeiro

A comarca da **Arnoia** é a zona proposta para coñecer esta rexión ourensá. Baixo a **D. O. do Ribeiro**, A Arnoia é unha das zonas de Galicia que máis **tradición vitivinícola** ten.

Este concello, situado nas beiras do **encoro de Frieira**, conxuga a produción de viño co termalismo, xa que posúe un **balneario** con augas sulfurosas e fluoradas que emanan a 22 graos. Desde as súas terrazas poderás contemplar os bosques que arrodean a **ribeira do río Miño**. Navegando en catamarán chegarás ao antigo balneario de Cortegada, cunha arquitectura modernista que

te transportará á década dos anos 30 do século pasado. A **Arnoia** é famosa polos seus **pementos**, que se preparan de moi diversas formas: recheos, en tortilla, fritos, asados ou á brasa. Cada mes de agosto celébrase unha festa en honor a este produto.

Preto de Ourense, no **Pazo de Casanova**, pódese visitar a **adega** que alberga esta edificación do século XVIII. Aquí cultívanse **uvas godello, loureira, albariño e treixadura**.

Así mesmo, hanche explicar os proxectos de investigación nos que están inmersos para contribuíren ao

desenvolvemento e evolución dos viños da zona. Non te vaias sen catar os seus viños e augardentes.

No municipio de Leiro, de camiño cara a Ribadavia, encontrarás a **adega Viña Meín**, rodeada de vides. A antiga casa grande, que servía para a produción do viño, dedícase agora ao turismo rural.

Moi preto está o **mosteiro de San Clodio**, considerado como o berce do Ribeiro, xa que os seus monxes cistercienses foron os primeiros en plantar vides nestas ladeiras. Hoxe alberga un **hotel**, pero pódese acceder de forma libre aos seus claustros e pasear en-



tre os seus xardíns. Da súa igrexa destaca o retablo e o artesoado.

A vila de Ribadavia, coa súa Festa da Istoría, na que os participantes visten traxes de época, ha trasladarte a tempos remotos da man do seu barrio xudeu, o seu castelo e a súa Casa da Inquisición. Anímate a probar un dos seus doces típicos hebreos e a acudir a algunha das representacións da **Mostra Internacional de Teatro**.

Sen abandonar Ribadavia, é recomendable visitar a **igrexa de San Xes de Francelos**. Está considerada como unha construción única dentro da arquitectura prerrománica e data do século IX. De seguro que te sorprende a decoración das súas celosías.



TURISMO MARIÑEIRO

Se che apetece coñecer como traballan as mariscadoras e os pescadores, que artes e trebellos de pesca utilizan ou como funciona unha lonxa, non dubides en achegarte a algunha vila mariñeira para descubrir este engaiolante mundo.

Vilas mariñeiras: Muros, Fisterra e Muxía

A **Costa da Morte** ofréceche a oportunidade de coñeceres o día a día das típicas localidades que viven dos traballos no mar. Son **vilas mariñeiras**, coma Muros, Fisterra ou Muxía, infestadas de lendas sobre naufraxios e faros que sinalan as costas escarpadas.

Anímate a realizar unha ruta en barco arredor do **cabo de Fisterra**, onde na Antigüidade crían que se **acababa o mundo**. Hoxe en día son moitos os peregrinos que rematan o **Camiño de Santiago** fronte ao océano.

Nos seus portos poderás observar como as **redeiras** reparan nos aparellos de pesca. Cómpren polo menos cinco anos para dominar este minucioso oficio. Sería imperdoable que non degustases nalgunha das tascas dos portos de **Muros** ou **Muxía** os gorentosos manxares acabados de pescar no mar.

Terra de historias e tráxicos afundimentos, en numerosos puntos da costa verás cruces que lembran os finados no Atlántico.

Os **temporais de inverno** nesta zona son implacables e a bravura do océano dificulta ou impide a navegación, facendo tamén máis arriscado o labor dos percebeiros, que xogan a vida nas penas.

No faro de Cabo Vilán, un dos máis importantes da costa galega, situado nun recanto de gran beleza desde o cal se divisan solpores memorables, atópase o **Centro de Interpretación dos Naufraxios, Faros e Sinais Marítimos**.






Porto de Muros



Santuario de Nosa Señora da Barca. Muxía





Campo de golf, Illa da Toxa. O Grove



As Rías Baixas ao descuberto

As Rías Baixas son o destino estival predilecto de moitos galegos. Agraciadas cun clima suave, localidades mariñeiras coma Boiro, Ribeira, Marín, Combarro ou Cangas posúen praias de agradable area tostada polo sol. Fronte a elas está o Parque Nacional das Illas Atlánticas, ao que se accede en barco para percorrer algunha das súas illas, que agochan tranquilos areais e fauna e flora protexidas.

Son varios os grupos de mariscadoras cos que poderás ir de ruta polos bancos marisqueiros de calquera das rías de Arousa, Pontevedra ou Vigo. Deles extráense ameixas e berberechos para vender nas lonxas.


Situada no val do Salnés, Cambados é unha das vilas máis señorís desta zona galega.

Está rodeada de cepas coas que se produce viño D. O. Rías Baixas e, paseando polo seu centro urbano, admirarás as casas fidalgas e o soberbio pazo de Fefiñáns.

Visitando as Salgadeiras de Moreiras do Grove aprenderás moito sobre os oficios da pesca e o marisqueo. As bateas onde se crían mexillóns e outros moluscos forman parte da paisaxe das Rías Baixas. Navegando entre elas verás como se traballa nestas plataformas.

Continuando pola costa, atoparás Combarro. Os tradicionais hórreos, destinados a almacenar produtos da colleita, cerran a fachada que dá ao mar e tras deles levántanse as casas dos pescadores. O granito e a madeira das dúas construcións combínanse para conformar un atractivo urbanismo.

A poucos quilómetros queda Pontevedra, que posúe un dos centros históricos máis bonitos de Galicia. Reláxate dando un agradable paseo polas súas rías e praias, e non perdas a oportunidade de admirar a colección do Museo Provincial, que conta cunha boa mostra de pintura galega.





A RUTA DA CAMELIA

As camelias son as auténticas protagonistas nos xardíns dos aristocráticos pazos. Anímate a visitalos durante a época de floración e comprobarás como a experiencia se converte nun verdadeiro espectáculo para os sentidos.

Pazos e xardíns

Para completar esta ruta visitarás determinados enclaves das provincias da **Coruña** e **Pontevedra** que se especifican deseguido. Ao longo dela poderás pasear, ulir e admirar as peculiaridades destes **tradicionais xardíns galegos**.

Durante todo o ano son diversas as exposicións e concursos que se celebran en distintas localidades de Galicia, xa que a calidade e variedade dos exemplares son reclamo para afeccionados e expertos coleccionistas a nivel internacional.

O percorrido empeza no **Pazo de Mariñán**, no municipio coruñés de

Bergondo. A construción localízase nun gran predio situado nas marxes do **río Mandeo**. O xardín francés, con parterre xeométrico, está formado por **paseos de buxo e plataneiros**, ademais de azaleas, hedras, roseiras, espécimes centenarios de Clethras e, por suposto, **gran variedade de camelias**.

En **Santiago de Compostela** destaca desde o punto de vista botánico a **Alameda**, situada no centro da cidade. Neste tranquilo lugar, xunto á Carballeira de Santa Susana, e á sombra de plataneiros e palmeiras, é onde florecen espléndidas as **camelias chamadas «xacobeas»**.

Os exemplares de camelias do xardín do **Pazo de Santa Cruz de Ribadulla** destacan pola súa **beleza e gran tamaño**. O espazo botánico ornamental que se conforma é, segundo os expertos, o máis fascinante de Galicia, moi arriquecido no século XIX por Iván Armada, que aumentou considerablemente a colección de plantas. Este magnífico exemplo de xardín galego distribúese entre **zonas máis selváticas e outras máis xeométricas**. Ademais, conta cun antigo **invernadoiro de cristal**. Neste idílico enclave refuxiouse o intelectual e político Gaspar Melchor de Jovellanos durante a ocupación napoleónica a principios do século XIX.





Coñecido como o «Versalles galego», o **Pazo de Oca** posúe uns xardíns amurallados nos que é de salientar o grande estanque a modo de río que os cruza —onde hai unha barca pétrea chea de vexetación— e mais a cor encarnada das camelias florecidas. Camiñando, desembocharás no espectacular **paseo dos Tileiros**. Perpendicular á fachada principal érguense a igrexa de estilo barroco e un vistoso corredor de arcos que a comunica co edificio, de uso privado; no seu interior destacan mobles e obras de arte que abranguen varios séculos.

A Casa da Matanza ou Casa Museo de Rosalía de Castro, onde morreu a grande escritora en 1885, permanece practicamente inalterada na súa estrutura orixinal. No seu inte-

rior consérvanse fotos de familiares e amigos da intelectual, así como recordos persoais, escritos e diversos obxectos cotiáns da Galicia do século XIX. Dos xardíns da casa destacan varias camelias.

En Vilagarcía de Arousa pódese visitar o **Pazo de Rubiáns**, de orixe medieval, e o seu extenso bosque axardinado, dunha sobriedade coa que rompen as **vistosas camelias**, algunhas delas da famosa variedade **Eugenia de Montijo**. A singularidade deste espazo fíxoo merecedor da mención de **Xardín de Excelencia Internacional**. Con adegas de seu, onde se produce viño da D. O. Rías Baixas, esta pódese visitar para participar nunha cata. Durante a visita guiada han mostrarche o interior do pazo e mais a súa capela.



Pazo de Oca, A Estrada

O xardín do **Pazo de Quinteiro da Cruz**, situado en **Ribadumia**, está rodeado por viñedos da **D. O. Rías Baixas**, con adega propia, e por **bosque autóctono**. A auténtica protagonista da **zona axardinada**, na que crecen multitude de especies exóticas e tropicais, é a camelia; aquí florecen uns **5.000 exemplares** de máis de mil variedades. Outro exemplo de pazo con adega é o de **Fefiñáns**, en **Cambados**.

Edificado no século XVIII, o **Pazo da Saleta**, en **Meis**, conta con capela e pombal, como era propio destas construcións señoría, nas que tampouco faltaban soberbios xardíns. No que rodea esta mansión rural hai plantadas máis de **duascentas variedades de camelias** e foi obra do matrimonio británico Gimson, que,

tras adquirir o edificio nos anos 60 do século XX, ideou un **xardín botánico de estilo inglés** con especies dos cinco continentes e converteuno nun dos máis salientables de España.

As orixes do **Pazo de Lourizán** remóntanse ao século XV, aínda que o edificio actual, de estilo modernista, levantouse no XIX. As **54 hectáreas de terreo** foron destinadas a usos variados ao longo da súa existencia, como a **granxa ou centro de investigacións forestais**. A presenza, en abundancia, de gran variedade de camelias converte a zona axardinada nunha **explosión de cor**.

As **camelias** e as **rosas** mestúranse no xardín do **Castelo de Soutomaior**, onde foron ocupando cada vez máis protagonismo ao longo dos





Pazo de Santa Cruz de Ribadulla. Vedra

anos. As delicadas flores rodéanse de castiñeiros centenarios e de especies vexetais dos cinco continentes. Igual que o de Rubiáns, **Soutomaior** tamén conta coa distinción de **Xardín de Excelencia Internacional**.

Desde o **Parque do Castro** terás as mellores vistas da ría de **Vigo** e descubrirás o pasado romano da cidade, pero tamén poderás gozar das camelias que medran entre laranxeiras e cipreses.

O xardín que rodea o **Pazo-Museo Quiñones de León**, convertido en museo municipal que exhibe coleccións de arqueoloxía, pintura e artes decorativas, ofréceche a oportunidade de dares un agradable paseo entre infinidade de especies vexetais en plena cidade de **Vigo**.

É a finais de febreiro cando as camelias en flor se mostran en todo o seu esplendor.

Os **xardíns galegos** atesouran moitas sorpresas. Non dubides en achegarte ao **Pazo de San Lourenzo de Trassouto**, en Santiago de Compostela, que conserva magníficos exemplares de camelias e un xardín repleto de sebes de buxo que debuxan símbolos alegóricos do **cristianismo**.

Así mesmo, o **Pazo do Faramello**, edificado a comezos do século XVIII entre Santiago e Padrón, está rodeado por un terreo de 126.000 metros cadrados no que se atopan **bucólicas zonas axardinadas**. Parte dos seus parterres están construídos sobre unha antiga fábrica de papel á beira do río que o cruza.



MÁIS
GALICIA



Museo do Mar, Vigo



A arte está na rúa

A arte está presente en calquera recuncho de Galicia desde tempos ancestrais. Os **petróglifos**, **dolmens** e **castros** fálanlle ao visitante dun pasado remoto cheo de incógnitas. Anímate a descubrir os seus misterios, ao tempo que te encontras con señoriais **pazos**, **con hórreos** ou **cruceiros**.

A **pedra** é o común denominador de todas estas obras. Aqueles que a traballan, os **canteiros**, desenvolven un oficio tradicional e durante séculos construíron **casas**, **rúas** e **mosteiros**. Eles labraron as portadas dos **templos románicos** espallados pola nosa xeografía, entre as que destaca

a obra mestra do **Pórtico da Gloria** da **catedral compostelá**, así como os escudos e sartegos das familias nobres en fachadas de pazos e interiores de igrexas. Sinte a rugosidade e contundencia do **granito** baixo as túas mans.

Se prefires visitar **museos**, estás de sorte. En Galicia existen centros de temática moi variada, tanto no ámbito **rural** coma nas **ciudades**. As posibilidades son innumerables, tanto para aprender como para entreterte. Cada unha das **ciudades galegas** conta con museos destacados. Se te apaixona a historia náutica, acércate a **Ferrol** a ver o **Museo Naval**, onde se exhiben

reproduccións de naves, instrumentos de navegación ou cartografía. Se, pola contra, o que che interesa é a pintura, visita o **Museo de Belas Artes da Coruña** para admirar as obras dos principais **artistas galegos do século XX**. En **Santiago de Compostela** coñecerás as **tradicións e costumes galegos** a través da colección **etnográfica do Museo do Pobo Galego**.

De paseo por **Pontevedra**, encontrarás o **Museo Provincial**, con varias sedes no centro histórico. **Vigo**, co porto máis importante de Galicia, posúe o **Museo do Mar**, no que poderás estudar a vinculación de Galicia co mar.



CGAC. Santiago de Compostela



Para coñeceres como se vivía na **prehistoria** e no período previo á **romanización**, recomendámosche os **parques arqueolóxicos de Campo Lameiro e San Cibrao de Las**. No primeiro descubrirás magníficos exemplos de **arte rupestre** materializados en **petróglifos**. No segundo coñecerás como eran os **castros** da cultura castrexa.

A riqueza monumental e artística que atesoura **Monforte de Lemos** é un exemplo do que podes atopar nas túas incursións polas **vilas galegas**. O **Museo de Nosa Señora da Antiga** alberga unha selecta **pinacoteca** con obras de El Greco e Andrea del Sarto, mentres que o **Museo de Arte Sacra das Clarisas** exhibe unha importante colección de pezas italianas adquiridas polos

Condes de Lemos no século XVII. Se, por outra banda, te decantas pola **arte contemporánea**, non dubides en visitar a **Fundación Luis Seoane, na Coruña**; o **Centro Galego de Arte Contemporánea**, en **Santiago de Compostela**; ou o **Museo de Arte Contemporánea**, de **Vigo**. As súas exposicións temporais mostran as últimas correntes creativas.

Tamén a arquitectura é a auténtica protagonista da **Cidade da Cultura**. Diseñado por **Peter Eisenman**, este conxunto composto por varios edificios considérase unha obra arquitectónica sobranceira en todo o mundo. Poderás visitar o **Museo de Galicia**, cunha variada programación expositiva, a **Biblioteca** e o **Arquivo**.



Lingua e literatura

En Galicia falamos galego e castelán. Ambos os idiomas son oficiais.

O galego é unha lingua romance, con similitudes co portugués, que tivo gran relevancia na Idade Media, xa que era a que se usaba na poesía trobadoresca. O rei Afonso X, O Sabio, escribiu as súas célebres *Cantigas de Santa María* na nosa lingua.


Moitas das nosas expresións son de difícil tradución a outros idiomas, como: 'riquiño', 'enxebre', 'morriña' ou 'alumiñar'. Ao pronunciármolas transmitimos sentimentos propios do carácter do pobo galego.

Cunha importante tradición literaria, en Galicia as mulleres tiveron un papel destacado neste eido. Podemos deleitarnos cos versos de **Rosalía de Castro** ou cos relatos sobre a sociedade do século XIX saídos da lúcida prosa de **Emilia Pardo Bazán**. Ambas son tamén un referente para as letras en lingua española.

Son varios os escritores nados en Galicia cuxa carreira foi premiada; entre eles, **Camilo José Cela**, gañador do Premio Nobel e autor de célebres obras como *La Colmena* ou *La familia de Pascual Duarte*. Destacan tamén os nomes de Ramón María del Valle-Inclán (4), Eduardo Blanco

Amor, Álvaro Cunqueiro, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Gonzalo Torrente Ballester ou Manuel Rivas.

Se che apetece aprender máis sobre a vida destes intelectuais, coñecer as casas onde viviron ou visitar as exposicións que sobre eles se ofrecen, acércate á **Fundación Camilo José Cela** (2), no concello de Padrón, á **Casa Museo Emilia Pardo Bazán** (3), na cidade vella da Coruña, á **Fundación Rosalía de Castro** (5,6), moi próxima á de Cela, ou á **Fundación Gonzalo Torrente Ballester** (1), no centro histórico compostelán, onde se custodian bibliotecas e primeiras edicións das súas obras.



4



5



Castelas



Natureza en estado puro

A riqueza natural de Galicia fai que gran parte do seu territorio estea protexido debido ao interese dos seus diferentes hábitats. Anímate a pasear por bosques onde viven os lobos e a navegar ata illas con praias salvaxes.

Parque Nacional das Illas Atlánticas. Un barco ha levarte ata a **praia máis bonita do mundo** segundo o diario *The Guardian*: o areal de Rodas, nas **Illas Cíes**. Formado polos arquipélagos de **Sálvora, Cortegada, Ons e Cíes**, este parque é unha extraordinaria reserva de fauna e flora.

Fragas do Eume. No bosque atlántico mellor conservado da Península

Ibérica percorrerás rutas con árbores autóctonas e subirás ata o **mosteiro de Caaveiro**, con espectaculares vistas sobre o río Eume.

Parque Baixa Limia-Serra do Xurés. As lendas sobre esta terra, ategada de fervenzas, monumentos megalíticos, augas termais e a importante **calzada romana Via Nova**, combinan fantasía e realidade.

Complexo dunar de Corrubedo. A famosa **duna xigante** preside esta idílica contorna fronte ao mar. A través dos camiños habilitados poderás observar as **lagoas** que a rodean: Carregal e Vixán.

Monte Aloia. Miradoiro natural sobre o val que forma o río Miño, o máis grande de Galicia, ao seu paso por Tui. Desde a súa cima obterás unhas **grandiosas vistas panorámicas**.

O Invernadeiro. Practicamente despois de solicitar permiso previo. O seu **illamento** converteuna nun lugar privilexiado para desfrutar en exclusiva dos seus ríos e do seu bosque autóctono.

Serra da Enciña da Lastra. A presenza de **aciñeirás** e doutras especies mediterráneas é unha excepción en Galicia. Ademais, este territorio é un paraíso para os espeleólogos.



Praia de Doniños



Galicia, espazo natural

Ademais dos parques nacionais e naturais, Galicia conta cunha gran rede de espazos naturais, como son: as Paisaxes Protexidas; os Monumentos Naturais; as Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais, vinculadas aos Lugares de Importancia Comunitaria, e as Reservas da Biosfera.

En Viveiro, ao norte de Lugo, podes ver o Avó de Chavín. É unha das árbores máis altas de España, un eucalipto de 62 metros que vive no Souto da Retorta. Na Costa Ártabra da Coruña, na Serra da Capelada, érguense os acantilados máis altos de Europa. Entre brumas verás caba-

los salvaxes, paredes pétreas que se internan no mar bravo e santuarios onde a lenda di que acoden almas reencarnadas.

Máis tranquilas son as augas que bañan as praias paradisíacas do pontevedrés municipio de Cangas. Situada entre as rías de Pontevedra e Vigo, na Costa da Vela seguro que te impresionan os brancos areais de fino gran.

Toca cambiar a costa pola alta montaña. En Pena Trevinca, con 2.127 metros, na comarca ourensá de Valdeorras, os ríos descenden a cachón en época de desxeo, entre un bosque de teixos único en Europa.

Seis son as áreas galegas declaradas Reserva da Biosfera. A Área de Allariz, en Ourense, está percorrida polo río Arnoia, e na mesma provincia sitúase o Xurés, do que destaca a variedade do seu bosque.

En Lugo localízase a serra dos Ancares lugueses e montes de Navia, Cervantes e Becerreá, onde se levantan as pallozas. Ao norte encóntrase a reserva que comprende o Río Eo, Ocos e Terras de Burón. Arredor do río máis longo de Galicia agrúpanse as Terras do Miño. Na provincia da Coruña atópase a reserva das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, que combina paisaxe interior e de costa.



Praza da Leña. Pontevedra



Rúa Policarpo Sanz. Teatro Afundación. Vigo



Modernismo. Ferrol



Praza de Praterías, Santiago de Compostela



Galerías, A Coruña



Fonte das Burgas, Ourense



Vista de Lugo desde a súa catedral

Sete cidades

Galicia conta con **sete cidades** repartidas en catro provincias. Situada en Pontevedra, a **máis poboada** é **Vigo**, con case 300.000 habitantes.

Ferrol. Desde que no século XVI se converteuse en porto para a **Armada Real**, a súa importancia como base militar e sede da **industria naval** había de acrecentarse co tempo.

A **Coruña** está bañada polo océano Atlántico. Sube á **Torre de Hércules**, **Patrimonio da Humanidade** e **único faro romano en funcionamento**, e goza das praias urbanas. Logo, acércate a fotografar as galerías da **Mariña**.

Santiago de Compostela. Meta de miles de peregrinos que percorren o **Camiño de Santiago**, o seu conxunto histórico é **Patrimonio da Humanidade**. Pasea polas súas rúas e admira o **Botafumeiro** en funcionamento.

Pontevedra. Camiñando polo seu centro histórico poderás familiarizarte co traballo dos **canteiros** que labraron o **granito** co que se construíu. As prazas transmiten a **hospitalidade** da cidade e a súa **calidade de vida**.

Vigo ábrese a unha ría adornada na súa superficie polas **bateas** para o cultivo de moluscos, pero, sabías que baixo as súas augas descansan multitu-

de de **galeóns** que transportaban ouro procedente de América? No **Mercado da Pedra** poderás degustar ostras e no porto embarcar cara ás **Illas Cíes**.

Ourense levántase na ribeira do río **Miño**. De todas as súas pontes destaca a **Ponte Romana**, símbolo da cidade. Anímate a darte un baño nas múltiples **termas** que atoparás.

Lugo. O xerme da cidade aniña dentro da **muralla romana** mellor conservada do mundo, que está considerada **Patrimonio da Humanidade**. O pasado romano tamén está presente nas súas termas e na celebración da festa **Arde Lucus**.



Conxuntos históricos

Galicia é principalmente rural e a súa paisaxe está salpicada por multitude de **aldeas e localidades**. As **vilas históricas** continúan sendo un referente administrativo e comercial para a poboación que vive dispersa.

Betanzos foi capital do reino de Galicia na Idade Media. O sobrenome «**dos Cabaleiros**» alude á súa importancia como residencia de familias nobres.

Muros. Unha das características que máis te sorprenderá desta vila, aberta á súa ría, son os **soportais de pedra** baixo os cales os mariñeiros gardaban os seus aparellos de pesca.

Baiona. Neste porto atracou a **carabela Pinta** en 1493 coa nova da **descuberta de América**. Debido aos asediados, levantouse unha fortaleza que é hoxe parador turístico.

Tui. O aspecto defensivo que presenta a súa **catedral** vaiche chamar a atención, así como os magníficos relevos do tímpano da portada principal. Esta vila foi un enclave estratéxico no ámbito administrativo e relixioso.

Allariz. Atravesada polo río Arnoia, cun paseo fluvial idílico, esta localidade coñeceu a súa época de esplendor no medievo, chegando a ser centro cultural e capital do reino de Galicia.

Ribadavia mostra o seu rico pasado medieval que a levou a converterse en capital da zona da D. O. Ribeiro. Rodeada por **viñedos** e polo río Avia, o **Castelo dos Condes** preside a poboación.

Mondoñedo. Sé episcopal, o centro desta vila ocúpao a súa magnífica catedral. Se che prestan as lambetadas, proba un anaco da súa típica torta con recheo de cabelo de anxo.

Viveiro. A importancia estratéxica do seu porto é a razón de que esta vila sexa amurallada. Anímaste a descubrir as tres **portas de acceso**? Intra muros poderás facerte unha idea do esplendor social que viviu.



Galicia é unha festa

Amante das festas, Galicia mestura tradicións pagás e relixiosas nunha combinación perfecta. É difícil atopar unha soa fin de semana do período estival na que non haxa celebracións nalgunha das súas aldeas, vilas ou cidades, varias delas recoñecidas polo seu interese turístico internacional, nacional ou galego.

Moitas celebracións teñen orixe relixiosa e fanse na honra dalgún santo ou patrón. Paga a pena achegarse a algunha aldea e contemplar as procesións arredor das pequenas igrexas así como asistir ás verbenas, nas que poderás bailar ata a mañanciña.

As romarías son outros festexos frecuentes. En moitas delas contemplarás curiosos ritos relacionados coas supostas bondades curativas dalgunhas imaxes, fontes ou pedras que se atopan en santuarios coma os de Santo André de Teixido ou de Nosa Señora da Barca. Nestas celebracións poderás degustar as típicas roscas, empanadas ou queixos durante unha comida campestre amenizada pola música de gaitas e pandeiretas.

A gastronomía é inseparable da tradición festiva galega. Case cada lugar posúe un produto ao que se homenaxea cociñando diversos pra-

tos que se lle ofertan a un multitudes público a prezos populares. A Festa da Lamprea de Arbo, a Festa da Lagosta na Guarda, a Festa do Marisco do Grove ou a Festa do Capón de Vilalba son só algúns exemplos.

Tamén son moi concorridas as recreacións históricas nas zonas vellas das vilas e cidades nas que os participantes viaxan ao pasado, coma a Festa da Istoría de Ribadavia, a Feira Franca de Pontevedra ou a Festa da Arribada de Baiona. Non esquezas vestirse acorde coa época para te converteres na persoa que imaxines.





Rapa das bestas

A existencia aínda hoxe en día de **mandas de cabalos salvaxes** nos montes é testemuña do pasado ancestral de Galicia. Cada ano durante os meses estivais procédese ao **corte de crinas, colas** e á **desparasitación** destes animais, que malia viviren ceibes nos montes teñen dono, así como a **marcar os poldros** que naceron.

Estes traballos, convertidos nunha **tradicón atávica** en varias localidades de Galicia, son unha loita corpo a corpo entre homes e cabalos na que non se utiliza ningún tipo de utensilio para sometelos. Os animais son conducidos desde o monte entre varias persoas aos **curros** ou recin-

tos das localidades onde se procede a rapalos.

Lugares como **Viveiro, Oia, Cedeira** ou **Mondoñedo** celebran esta tradición, aínda que quizais sexa **Sabucedo**, en Pontevedra, o que mellor conserva este **ritual único en España**. Son os **aloitadores**, as persoas que reducen os cabalos, os auténticos protagonistas desta práctica na que anualmente se inician varios mozos.

Unha das curiosidades desta tradición é que parte dos équidos pertencen a San Lourenzo, santo ao que se encomendan os veciños nunha misa antes de saíren a recoller aos animais.

Debido ao **interese antropológico e mediático** que esperta esta festa, cada ano asiste gran número de público a presenciar nos curros este auténtico **espectáculo etnográfico**. Unha vez rematado, os cabalos serán devoltos ao monte para que continúen a súa vida en **total liberdade**.

A celebración complétase coa degustación por parte de aloitadores e asistentes das **delicias da gastronomía galega**, como son as empanadas, o polbo á feira ou o viño, sempre amenizada con **música tradicional** interpretada con gaitas e pandeiretas. **Vas deixar pasar un acontecemento tan auténtico coma este?**



Entroido

O **Entroido** é unha das festas con máis **tradición** en Galicia. Celebrado desde hai séculos, mantivo sempre o seu **carácter pagán**, descarado e participativo, a pesar de que estivo prohibido durante a ditadura.

Para participares nesta diversión colectiva, na que a xente toma as rúas de vilas e cidades, só tes que **disfrazar** e deixarte levar pola música das **charangas**. Para recuperar forzas, nada mellor que degustar o **cocido**, típico desta época, ou lambetadas coma as **filloas** ou as **orellas**.

Ourense é a provincia con máis tradición nesta festa. Nela atópase o

coñecido **Triángulo do Entroido**, no que nas localidades de **Xinzo de Limia, Verín** e **Laza**, as **pantallas**, os **cigarróns** e os **peliqueiros**, vestidos con traxes artesanais e complementos de **tradición ancestral**, algarean nas rúas e interactúan co público. Acércate tamén a outras localidades ourensás como **Manzaneda, Viana do Bolo** ou **Vilariño de Conso**, onde vivirás uns entroidos distintos.

Na provincia de Pontevedra, a localidade de **Cobres** festexa un Entroido do que xa hai testemuños escritos no século XVIII. As **danzas** e **xogos** populares son os protagonistas e neles

participan **madamas** e **galáns** lucindo **traxes** que recrean un ambiente cortesán. Tamén son moi vistosas as vestimentas dos **Xenerais da Ulla**, que locen uniformes militares moi rechamantes e participan en **atranques**, enfrontamentos dialécticos nos que fan burla de asuntos locais, políticos ou sociais.

As **cidades** non son alleas a esta tradición festiva. **A Coruña, Ourense** ou **Pontevedra** celebran durante varios días o Entroido coas rúas ategadas de veciños e visitantes que exhiben disfraces sorprendentes, mentres as charangas amenizan as xornadas ata a madrugada.



Compras, moda e artesanía

Ademais das fotos e das **lembranzas** que gardes na túa memoria, de seguro que che apetecerá regresar á túa casa con algún produto fabricado en Galicia que represente a **tradición artesanal** ou a **innovación actual** (1).

A calidade da artesanía galega fai que sexa unha das máis demandadas. Os **encaixes de Camariñas** (3), a **cerámica de Sargadelos** (2), as **xoias de acibeche** ou os **traballos en prata** séguense a elaborar con técnicas transmitidas de xeración en xeración para conseguir pezas únicas. Moitas das rúas ou prazas dos centros históricos de cidades e vilas levan o nome destes gremios.

Baixo a marca **Artesanía de Galicia** descubrirás un sector profesional que traballa de forma **sustentable** perpetuando **oficios únicos** para che proporcionar pezas irrepitibles, tales coma uns **pendentes de acibeche**; un par de **zocas de madeira** (4) e coiro; un **torque**, xoia de orixe celta, labrado en **prata**; unha **gaita** fabricada en madeira de buxo e **veludo** ou un **sombreiro sancosmeiro** trenzado en palla.

Pero se prefires decantarte pola **gastronomía**, non che custará atopar **licores** envasados en delicadas botellas. O máis famoso de Galicia é a **augardente** coa que se elabora a queimada. O tradicional **licor café** tampouco fal-

ta nas sobremesas. Ata catro denominacións de orixe protexen os **queixos** galegos, cada vez máis integrados nas novas propostas gastronómicas.

Berce de firmas de moda como **Kina Fernández**, **Adolfo Domínguez** ou **Roberto Verino**, Galicia é unha potencia mundial no sector téxtil. Sede da **multinacional Inditex**, na súa rede de tendas encontrarás as últimas tendencias de estilo. Ademais, nos centros das cidades atoparás boutiques que che ofrecen alternativas orixinais. Se prefires acudir a centros comerciais, que saibas que na Coruña se atopa **Marineda City**, o terceiro máis grande de Europa.



Festivais e lecer nocturno

Os **centros urbanos** máis poboados ofrecen unha morea de posibilidades para pasar de forma amena as noites. Para empezar, pódeste achegar a unha das típicas rúas das **zonas de viños** onde a proliferación de bares fai que polas noites haxa unha grande afluencia de xente. No medio dun ambiente moi animado, que se estende ao exterior dos locais, degustarás **tapas** típicas, acompañadas de **cervexa** ou **viños galegos**.

Tamén tes a opción de acudir a algún **restaurante** onde probar os produtos de calidade cos que se traballa nas **cociñas máis tradicionais** ou

vanguardistas, cobizados internacionalmente. Os **bares de copas, pubs e discotecas** abren ata ben entrada a madrugada, así que aproveita a festa ata que o teu corpo aguante.

As **praias cheas de fogueiras polo San Xoán**, a finais de xuño na **Coruña**, son o punto de partida para o verán, no que **localidades costeiras** coma Baiona, Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa, Ribeira, Mugardos, Viveiro ou Ribadeo se enchen de turistas para gozar de días de praia nun **clima cálido**, de concertos ao aire libre e da mellor gastronomía. Paga a pena acudir a **noite do 24 de xullo a Santiago de Compostela**

para contemplar o espectáculo de **fogos artificiais** en honra ao Apóstolo, cuxa festividade se conmemora o día seguinte.

Ademais, en Galicia celébranse **festivais** coma o **Resurrection Fest**, dedicado á música metal e hardcore; o **PortAmérica Rías Baixas**, onde se escoitan grupos da escena indie e rock; o **Sinsal Son Estrella Galicia**, que se celebra na Illa de San Simón cun cartel que é secreto, ou o **Festival de Ortigueira**, con música folk. Por outra banda, en cada aldea e poboación poderás bailar nas típicas **verbenas de verán**, que se celebran coincidindo coas **festas patronais**.



Turismo en familia

Galicia é o destino perfecto para disfrutar na compañía da familia. Todos, desde os máis cativos ata os máis vellos da casa, atoparedes opcións en calquera estación debido ao clima agradable, que nunca é extremo. Se a isto se lle engade que é un destino seguro e nada masificado, tendes fácil decidir onde pasar as vosas vacacións.


Son varias as empresas que ofrecen actividades ao aire libre para os máis pequenos. Poderán entreterse facendo piragüismo, kaiak, tiro con arco, escalada ou surf. Tamén hai escolas de vela que organizan campamentos estivais nas distintas loca-

lidades costeiras. As augas tranquilas das rías permiten saír a navegar con total seguridade.

Hai varias propostas museísticas capaces de satisfacer a toda a familia. Nos catro museos científicos da Coruña, completamente interactivos, veredes como alimentan as focas, identificaredes estrelas nun planetario, entraredes na cabina dun avión e aprenderedes como funciona o ADN. Noutros museos, coma o do Xoguete de Allariz, saberedes como se divertían os nenos no pasado, mentres que no Museo do Ferrocarril de Monforte de Lemos han informarnos sobre a historia do tren.

Aquel que sinta paixón polos animais, nos parques de Marcelle Natureza ou Avifauna poderá ver bisontes, cebras, emús, llamas, renos, raposos, flamengos, voitres, rolas ou faisáns. Acudir a unha granxa escola é outra forma de estar en contacto coa natureza e a agricultura.

En Fervenzaventura de Silleda, a Casa Grande de Xanceda ou a Casa Alvarella deixarán que coñezades as salas as salas onde moxen as vacas, os cortellos onde dormen ovellas e cabras, cepillar poldros, apañar verduras e legumes da horta, darlles o biberón aos cuxos e mesmo enfornar o voso propio pan.



Galicia ao aire libre

Se che gusta a natureza, tes moita sorte, porque a **paisaxe galega**, que une campo, montaña e mar, permíteche realizar numerosas actividades grazas ao seu clima favorable durante todo o ano.

Con **1.650 quilómetros de costa**, Galicia preséntase como un auténtico paraíso para os amantes dos **deportes náuticos**. Se optas por navegar, tes ao teu dispor máis de vinte portos e medio centenar de instalacións para fondear, ben comunicados por vía terrestre.

A **tranquilidade e abrigo** que ofrecen as rías favorece a navegación ao longo

de todo o ano. Coñece desde o mar a rica cultura mariñeira de Galicia ou o Parque Nacional das Illas Atlánticas. É toda unha experiencia.

Son moitos os afeccionados ao **surf** e ás súas variantes os que deciden vir desafiar as **formidables vagas do Atlántico**. Hai **praias** indicadas para aqueles que se están iniciando sobre a táboa, pero tamén areas onde gozarás se xa tes experiencia.

Galicia é coñecida como a **terra dos mil ríos**, así que nas súas augas e nas dos seus encoros poderás practicar numerosas actividades de aventura organizadas por empresas especia-


lizadas que garanten a túa seguridade.

A **cambiante e asombrosa paisaxe** que irás atopando no teu percorrido posúe unha **ampla rede de rutas perfectamente sinalizadas** polas que poderás facer as túas camiñadas de **sendeirismo** con total tranquilidade e seguridade.

Se prefires coñecer o medio rural sobre rodas, só tes que te achegar a algún dos **centros BTT**. En bicicleta desfrutarás ao ritmo que a propia natureza che impón. Sen dúbida, polas súas paisaxes e climatoloxía, Galicia é o destino ideal para os amantes do aire libre.












ESCALA 1:760.000







Proyección U.T.M. Fusos 29



-  Autoestrada, Autovía
-  Rede autonómica de alta capacidade
-  Rede de estradas do Estado
-  Rede autonómica básica
-  Outras redes autonómicas
-  Estrada provincial

-  Ferrocarril A.V.E.
-  Ferrocarril vía ancha
-  Ferrocarril vía estreita

-  Límite de Estado
-  Límite de comunidade autónoma
-  Límite de provincia

 **LUGO** Capital de provincia
Capital de comunidade autónoma

 **Vigo** Capital de concello (> 60.000 hab.)

 **Baleira**
O Cádavo
Outros concellos
Capital de concello

 Aeroporto

 Parque Nacional

 Parque Natural



Descubre Galicia do xeito máis natural.
Unha visión posta ó día dos espazos turísticos:

OS XEODESTINOS

14 destinos delimitados dunha maneira natural pola súa historia e as súas singularidades.



Oficinas de Turismo
da Xunta de Galicia

Turismo de Galicia

Estrada Santiago - Noia, km 3 (A Barcia)
15897 Santiago de Compostela - A Coruña (España)
Tel. +34 981 542 500 | Fax: +34 881 995 323
012@xunta.gal | www.turismo.gal



www.turismo.gal

Tel. +34 981 900 643
e-mail: 012@xunta.es